

ANEXO ACCESIBILIDADE

- Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lei 8/1997 e Decreto 35/2000 Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei.

Un dos obxectivos da redación do Plan Especial é a dotación de ascensores aos bloques para conseguir un itinerario practicable.

O itinerario practicable realízase pola fachada posterior. A entrada realizarase directamente ao ascensor.

Indicamos as condicións que fixa para esta actuación o decreto de accesibilidade.

DISPOSICIÓN SOBRE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NOS EDIFICIOS DE USO RESIDENCIAL.

Disposicións sobre barreiras arquitectónicas nos edificios de uso residencial
Os itinerarios que se coloquen en edificios, instalación e servizos de titularidade privada e uso residencial deberán reunir como mínimo a condición de practicable, de acordo cos parámetros establecidos nesta base.

4.1. Entradas.

Calquera desnível que poida existir entre a vía pública e o portal de entrada, e entre este e o arranque da caixa de escaleiras e as vivendas de planta baixa, terá polo menos unha entrada alternativa provista de rampla de acceso practicable.

Poderá permitirse a existencia dun único chanzo, na zona en contacto con beirarrúa e o portal do edificio, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

-Que o chanzo non supere a altura de 12 cm.

-Que entre o chanzo e a porta do portal exista un espazo de profundidade como mínimo de 1,20 m.

As portas de paso serán de dimensións tales que deixarán un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

Cando as portas de paso sexan de dúas follas unha delas deixará un paso libre mínimo de 0,80 m.

Cando nunha entrada se dispoñan portas xiratorias deberá colocarse un sistema de paso alternativo das dimensións anteriormente sinaladas.

A ámbolos lados das portas deberá existir un espazo libre (sen ser varrido polo xiro da folla) que permita inscribir un círculo dun diámetro mínimo de: 1,20 m

Se as portas son de cristal deberán ademais dispoñer dunha franxa de cor contrastada, situada horizontalmente a unha altura de 1,50 m e dunha largura de 5 cm como mínimo.

4.2. Espacios comúns.

A altura libre mínima de corredores será de: 2,10 m

O largo mínimo dos corredores será de: 1,20 m e cando se produzan estreitamentos deixarán un paso libre como mínimo de: 0,90 m

En cada planta deberá existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo: 1,50 m

Diante da porta do ascensor debe existir un espacio libre de xiro que permita inscribir un círculo de diámetro mínimo: 1,50 m

Nos cambios de dirección o largo debe permitir inscribir un círculo de diámetro mínimo: 1,20 m

As portas de entrada á vivenda serán de dimensións tales que deixarán un paso libre dunha largura mínima de 0,80 m e de altura mínima 2,00 m.

4.3. Desniveis.

As ramplas que se coloquen nestes itinerarios practicables serán das seguintes características:

A. Ramplas.

A.1. Pendentes.

A.1.1. Pendente lonxitudinal.

Ramplas de lonxitude menor de 3,60 m: 12%

Ramplas de lonxitude maior de 3,60 m: 10%

Cando por razóns técnicas non poidan utilizarse as pendentes anteriormente establecidas permitirase, cunha memoria xustificativa, aumentar un 2% as pendentes que en cada caso sexan esixibles.

A.2. Pendente transversal.

A pendente transversal máxima da rampla será: 2%

A.3. Lonxitude e largura.

A lonxitude máxima dun tramo de rampla será: 20,00 m

Cando esta lonxitude non sexa suficiente para salvar un desnivel deseñaranse diversos tramos con descansos intermedios.

A largura mínima das ramplas será de: 0,90 m

A.4. Descansos.

Largura mínima: A da rampla

Lonxitude mínima: 1,20 m

Cando exista un xiro de 90º o descanso permitirá inscribir un círculo de diámetro mínimo de: 1,50 m

Ó inicio e ó final da rampla se disporase un espacio libre de obstáculos de dimensións: 1,20x1,20 m

A.5. Varandas.

A varanda deberá situarse a unha altura comprendida entre 90 e 95 cm, sendo recomendable a colocación doutra segunda varanda a unha altura comprendida entre 65 e 70 cm.

O diámetro dos tubos de varanda deberá estar comprendido entre 3 e 5 cm (ou sección equivalente) e estará libre de resaltes.

As varandas deberán estar colocadas separadas dos paramentos como mínimo 4 cm.

Disporase unha protección nos lados libres das ramplas a unha altura comprendida entre 5 e 10 cm.

B. Ascensores.

B.1. Dimensións.

O largo mínimo interior dun ascensor será: 0,90 m

A profundidade mínima interior dun ascensor será: 1,20 m

A superficie mínima interior dun ascensor será: 1,20 m²

As portas serán automáticas cun zócolo de 40 cm, e deixarán un paso libre como mínimo de: 0,80 m

B.2. Outras características.

As cabinas estarán niveladas co pavimento exterior, admitíndose unha tolerancia de 1 cm.

Disporán dunha varanda interior, de deseño anatómico, colocado a unha altura de 0,90 m, con sección equivalente a un tubo de 3 a 5 cm de diámetro e separado do paramento como mínimo 4 cm.

A separación entre a cabina e o pavimento exterior será como máximo 2 cm.

As botoeiras interiores situaranse a unha altura comprendida entre 0,90 e 1,20 metros.

Recoméndase a colocación de botoeiras horizontais, con botóns con sinalización en relevo e situadas no centro dun lateral.

A sinalización no exterior da situación do ascensor situarase a unha altura comprendida entre 1,10 e 1,30 m e será en relevo.

Os ascensores descenderán ata a planta de garaxe, cando exista.

C. Escaleiras.

As escaleiras situadas nestes itinerarios deberán cumprir as determinacións establecidas na base 2.2 para escaleiras practicables, excepto no relativo ó cambio de cor do pavimento no bordo da pegada.

D. Outras características.

Nos elementos non definidos nesta base rexerán as determinacións do presente código para o concepto practicable.

Os corpos que albergen os ascensores, e os accesos por eles ás vivendas, terán que cumprir as condicións marcadas pola lei e decreto de accesibilidade que antes enumeramos (BASE 4) Accesibilidade das vivendas.

ACCESIBILIDAD DOS ESPAZOS LIBRES DE USO PÚBLICO.

Os percorridos peonís dentro do ámbito do Plan Especial, teñen na actualidade gran cantidade de barreiras arquitectónicas.

A redacción do Plan Especial ten como un dos seus obxectivos primordiais dotar o ámbito de itinerarios practicables.

A Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e o regulamento que a desenvolve, nos fixa as seguintes condicións para as ramplas.

Substituiremos as escaleiras situadas no itinerario peonil por ramplas, de forma que poidamos acceder a calquera punto de uso público do ámbito polo menos por un itinerario practicable.

1.2.4. Ramplas.

As ramplas como elemento que forma parte dun itinerario peonil deberán cumprir-los seguintes requisitos:

	Adaptado	Practicable
A. <i>Largura mínima.</i> <i>O largo mínimo da rampla será:</i>	1,50 m	1, 20 m

B. *Pendientes.*

B.1. *Pendente lonxitudinal.*

<i>Ramplas de lonxitude menor de 3,00 metros:</i>	10%	12%
<i>Ramplas de lonxitude entre 3,00 m e 10,00 metros:</i>	8%	10%
<i>Ramplas de lonxitude maior de 10,00 metros:</i>	6%	8%

Cando as condicións físicas do lugar en que se sitúa a rampla non permitan utiliza-las pendentes anteriormente establecidas permitirase cunha memoria xustificativa aumentar nun 2% as pendentes que en cada caso sexan esixibles.

	Adaptado	Practicable
--	----------	-------------

B.2. *Pendente transversal.*

<i>A pendente transversal máxima dunha rampla será:</i>	2%	3%
---	----	----

C. *Lonxitude.*

<i>A lonxitude máxima dun tramo de rampla será:</i>	20,00 m	25,00 m
---	---------	---------

Cando esta lonxitude non sexa suficiente para salvar un desnível deseñaranse diversos tramos con descansos intermedios.

	Adaptado	Practicable
D. <i>Descansos.</i>		
<i>Largura mínima:</i>	<i>A da rampla</i>	<i>A da rampla</i>
<i>Lonxitude mínima:</i>	1,50 m	1,20 m
<i>Cando exista un xiro de 90º o descanso permitirá inscribir un círculo de diámetro mínimo de:</i>	1,50 m	1,20 m
<i>O inicio e o final da rampla disporase un espazo libre de obstáculos de dimensións:</i>	1,80×1,80 m	1,50×1,50 m

As ramplas que situamos teñen unha pendente menor ou igual de 10 % salvo en casos excepcionais que chegará ao 12 %, permitido pola Lei.

Próximo a unhas grades situadas na parte sur leste da pista hai unhas escaleiras que planeamos eliminar para mellorar o itinerario peonil e transformar este tramo en itinerario practicable.

A eliminación desta barreira arquitectónica uniranos a través dun itinerario practicable, á parada de autobús con la parte central do ámbito.

En xeral estarase ó disposto na Lei 8/1997 e Decreto 35/2000 todo o relativo a elementos de urbanización, características de mobiliario, obras e sinalización, concretándose no Proxecto, ou Proxectos de urbanización que desenvolvan este Plan Especial.

Adxuntase táboa coa descrición das barreiras arquitectónicas nos itinerarios peonís existentes e o proxectado para súa eliminación, así como planos e vistas en 3D das solucións adoptadas, para dotar a os bloques dun itinerario peonil sin barreiras arquitectónicas, entre a zona peonil e a zona rodada.

De acordo co disposto no artigo 16.7 do Regulamento de accesibilidade deberá solicitarse informe favorable do Concello Autonómico para a Promoción de Accesibilidade e a Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

TÁBOA DAS BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EXISTENTES E PROXECTO DA FORMA DE ELIMINALAS.

ESTADO ACTUAL						PROXECTO					
Nº	PLANO-VISTA R.FOTOGRA- FICO VISTAS 3D	GRAO	MODO	Nº PEL.	COTAS	MODO	TRAMOS	METR OS	PTE.	Nº PEL	COTAS
1	3D-A, 3D-B, 3D-C, 3D-L	DIFICIL	ESC.	22 - 2T	32,63 a 35,68	RAMPLA	1	44,00	10%	-	32,50 a 36,76
2	-	FACIL	ESC.	1 – 1T	29,42 a 29,64	RAMPLA	1	23,00	%	-	30,82 a 31,00
3	-	FACIL	ESC.	1 – 1T	29,95 a 30,09	RAMPLA	X	X	X	-	30,82 a 31,00
4	INF-15 – V2 INF-15 – V3	DIFICIL	ESC.	29 – 4T	30,87 a 36,07	RAMPLA	1	15,00	10%	-	31,00 a 32,50
5	INF-15 – V1	FACIL	ESC.	1 –	36,07 a 36,35	ESCAL.	-	-	-	1	Itinerario alternativo
6	INF-15 – V4	FACIL	ESC.	4 – 1T	29,66 a 30,12	ESCAL.	-	-	-	4	Itinerario alternativo

7	a 7 , a 8 resolvólense conxuntamente	FACIL	ESC.	3 – 1T	33,78 a 34,03	RAMPLA	1	5,50	10%	-	33,78 a 34,56
8	a 7 , a 8 resolvólense conxuntamente	FACIL	ESC.	3 – 1T	34,26 a 34,56	RAMPLA	1	5,50	10%	-	34,26 a 34,56
9	INF-23 – V33	FACIL	ESC.	12 – 2T	36,89 a 39,13	ESCAL.	2	-	-	12	Itinerario alternativo
10	INF-16 – V5 INF-16 - V6 INF-16 - V7 3D-K	DIFICIL	ESC.	31 – 3T	31,55 a 36,19	ESCAL,	3	-	-	31	Itinerario alternativo
11	INF-17 – V10 3D-H	DIFICIL	ESC.	20 – 2T	27,41 a 29,52	ESCAL.	2	-	-	20	Itinerario alternativo
12	INF-17 – V9	FACIL	ESC.	3 – 1T	30,62 a 30,66	RAMPLA	1	3,50	12%	-	30,35 a 30,66
13	INF-16 – V8	DIFICIL	ESC.	16 – 2T	30,87 a 33,38	RAM/ES	4R-4E	4 de 6,50	10%	14	30,87 a 33,38
14	-	FACIL	ESC.	1 – 1T	28,70 a 29,15	RAMPLA	1	-	> 10%	-	Elimínase
15	-	FACIL	ESC.	3 – 1T	31,79 a 32,07	RAMPLA	1	2,00	12%	-	31,79 a 32,07
16	INF-17 – V11	FACIL	ESC.	3 – 1T	31,26 a 31,61	RAMPLA	1	3,00	12%	-	31,26 a 31,61
17	INF-18 – V14 INF-18 – V15 3D-J	DIFICIL	ESC.	17 – 3T	33,96 a 37,20	RAMPLA	3+4	9,5 – 23	10%	-	34,03 a 37,20
18	INF-18 – V16 3D-F, 3D-I	DIFICIL	ESC.	14 – 2T	37,83 a 39,60	RAMPLA	4	2 de 7,00 2 de 5,00	10%	-	37,34 a 39,60
19	INF-21 – V27	FACIL	ESC.	6 – 1T	41,61 a 42,47	RAMPLA	1	7,50	10%	-	41,61 a 42,47
20	INF-20 – V24	FACIL	ESC.	6 – 1T	43,99 a 44,89	RAMPLA	1	7,50	10%	-	43,99 a 44,89
21	INF-20 – V23	DIFICIL	ESC.	16 – 2T	45,31 a 47,41	ESCAL.	2	-	-	16	Itinerario alternativo
22	INF-17 – V12	FACIL	ESC.	3 – 2T	33,86 a 35,00	ESCAL.	2	-	-	3	Itinerario alternativo
23	-	FACIL	ESC.	6 – 1T	35,05 a 35,92	RAMPLA	1	8,75	10%	-	35,05 a 35,92
24	INF-19 – V17	FACIL	ESC.	6 – 1T	37,38 a 38,24	RAMPLA	1	8,50	10%	-	37,38 a 38,24
25	-	FACIL	ESC.	4 – 1T	40,12 a 40,76	RAMPLA	1	6,50	10%	-	40,12 a 40,76
26	-	FACIL	ESC.	5 – 1T	42,52 a 43,24	RAMPLA	1	7,50	10%	-	42,52 a43,24
27	-	FACIL	ESC.	4 – 1T	44,93 a 45,49	RAMPLA	1	5,50	10%	-	44,93 a 45,49
28	INF-19 – V18	FACIL	ESC.	7 – 1T	38,33 a 39,19	RAMPLA	1	8,50	10%	R/4	38,33 a 39,19
29	INF-22 – V31	FACIL	ESC.	6 – 1T	40,75 a 41,55	RAMPLA	1	8,00	10%	R/6	40,75 a 41,55
30	INF-21 – V28	FACIL	ESC.	6 – 1T	43,32 a 44,13	RAMPLA	1	8,00	10%	R/6	43,32 a 44,13
31	INF-21 – V25	FACIL	ESC.	7 – 1T	45,58 a 46,62	RAMPLA	1	10,00	10%	R/7	45,58 a 46,62
32	INF-20 – V22	FACIL	ESC.	8 – 1T	48,20 a 49,23	RAMPLA	1	10,00	10%	-	48,20 a 49,23
33	-	FACIL	ESC.	5 – 1T	39,14 a 39,71	RAMPLA	1	7,50	10%	R/5	39,14 a 39,71
34	INF-22 – V32	FACIL	ESC.	5 – 1T	41,63 a 42,33	RAMPLA	1	7,00	10%	-	41,63 a 42,33
35	INF-22 – V29	FACIL	ESC.	4 – 1T	44,23 a 44,81	RAMPLA	1	8,00	10%	-	44,23 a 44,81
36	INF-21 – V26	FACIL	ESC.	6 – 1T	46,73 a 47,61	RAMPLA	1	8,50	10%	-	46,73 a 47,61

37	INF-19 – V20	FACIL	ESC.	4 – 2T	40,85 a 42,01	ESCAL.	2	-	-	4	Itinerario alternativo
38	-	FACIL	ESC.	3 – 2T	43,77 a 44,66	ESCAL.	2	-	-	3	Itinerario alternativo
39	INF-20 – V21	FACIL	ESC.	6 – 2T	45,81 a 47,37	ESCAL.	2	-	-	6	Itinerario alternativo
40	-	FACIL	ESC.	2 – 1T	48,26 a 48,28	RAMPLA	1	-	-	2	Itinerario alternativo

Vigo, Xulio de 2012.

A Arquitecta Redactora:

Asdo.: Cristina Cameselle Solá,